



Caldas de Reis, as axudas fantasma as familias e os empresarios polo Covid

Caldas de Reis, a 16 de Outubro de 2020

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Caldas de Reis queremos deixar constancia do noso mais profundo malestar porque as medidas de axuda que se tiñan consultado en innumerables reunións con empresarios e partidos políticos da oposición para levalas a cabo polo consenso, non se puxeron en marcha pola desidia do equipo do goberno socialista.

Estes días estamos a recibir innumerables queixas de veciños, comerciantes, autónomos e empresarios que ven como están a atravesar momentos críticos economicamente, despois de ter pasada a primeira onda da pandemia, cun incertidume total sobre o que queda por vir, e resulta que **o Goberno municipal non é quen de articular unha liña de axudas como fixeron os concellos da nosa contorna (Vilagarcía, Pontevedra, Moraña, etc.) e ademais estanse a pasar o cobro estes días taxas municipais de servizos por períodos nos que os seus establecementos estiveron pechados e os veciños confinados.**

O noso Grupo Municipal propuxo por escrito, e foi o único que o fixo, nos primeiros días da pandemia, cinco follas de medidas a adoptar para poder axudar a todos os caldenses e conseguir manter o máximo posible de emprego nas empresas, pero, coma sempre foi un brindis o sol, nin caso. Nos pedíamos, entre outras cousas, a exoneración do pago das taxas e impostos municipais durante o tempo do confinamento (Ingresos cero=impostos e taxas cero), a creación dun bono “reactiva Caldas” para que se mercase e consumise nos negocios do noso Pobo, unha liña de axudas a fondo perdido, unha campaña, a desenrolar antes do verán, de promoción turística “Caldas destino no Covid”, un servizo de apoio os traballadores afectados por un ERTE e que non cobraban a prestación do SEPE, reforzo do departamento de servizos sociais, etc. etc. (axuntamos a esta nota a proposta completa). Para poder levar a cabo todo isto nos ofrecemos incluso a apoiar unha modificación en profundidade do orzamento municipal de 2020.

Ata o de agora fomos respetuosos por a situación que estabamos atravesando e porque esperábamos que se puxeran en marcha, agora xa sabemos que nin están nin se lles espera e toca pedir contas.

O noso Pobo, como todo o país, está a atravesar momentos moi moi difíciles, e temos que ter gobernos que nos gobernen, e **en Caldas de Reis ven de demostrarse que estamos en mans do absoluto des-goberno, da desidia e do pasotismo absoluto, tanto do Equipo de Goberno como de seu socio necesario, o BNG que foi quen de apoiar os orzamentos e exercer como bipartito, pero cando veñen curvas pasase a oposición, nun exemplo de oportunismo político de maneira que se exerce simultaneamente de goberno e oposición, segundo interese. E namentres estamos nestas, os veciños de Caldas desesperados, pero nos nunca os imos deixar solos.**

Queremos aproveitar para indicar que estamos a disposición de quen poida precisar aclaración de calquera tipo no teléfono 629859110 e no email info@ppcaldas.es.

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620